

PRIMA

O olor abafante da auga de lilas espertouno de súpeto, aso-
lagando máis outra noite o aire da estancia. Custáralle afa-
cerse á morte da súa avoa Aurora, vela irse ensumindo co
tremelar dunha candelexa, cansa de agardar sen esperanza,
coma quen agarda polo vento. Ás tres da madrugada Uxío
Oliveira ergueuse da cama sentindo no padal a acedume
arcaica daquela colonia a florada de lilas e cangorzas que ela
tiña usado anos atrás para enfeitarse. Sabía con certeza que
a defunta xa estaba alí, cos ollos da mesma carriza gris das
garzas somnábulas que nesa hora percorrían os fochancos
e tremedais lamacentos de Moreira. Vestida de loito de pés
a cabeza, coma un animal noitébrego, unha sombra máis
a carón das demais sombras familiares da casa, Aurora dos
Santos, reloxeira de sona que fora, acudía puntual á súa cita.

Nas primeiras aparicións andaba a familia toda alporizada
por ver que lle facer á avoa morta. Probáronse pregarías, xacu-
latorias e invocacións diversas, calados esconxuros e mesmo
veu o abade das Xunqueiras a botar un longo responso en
intricado latín abenzoando a casa, salferindo cada recanto co

aspersorio. Foi en van. Desde entón era Uxío quen cargaba coa responsabilidade de atender as inquedanzas e nocturnos enfestíos da aparecida. Que se os volumes da biblioteca, os testos das begonias ou os xogos da branca porcelana e os cálices de cristal tallado dos chineiros envidrazados, pero tamén os mantelos de seda e as sabas de liño ulideiras a lesta e mazás camoesas na escuridade das cómodas e no moldurado armario de espellos. Cada noite repetía un mesmo ritual nun silencio litúrxico, ordenando minuciosamente as cousas máis dispares, dispóndoas dun xeito diferente e fragmentario, indiscifrible cando menos para os seus descendentes vivos. Outras prioridades terán os mortos, matinaba Uxío resignado, outros números que a nós se nos escapan. Pero, sen dúbida, o que perturbaba a máis non poder a vida pausada dos Oliveira era esa teima por lles dar corda aos reloxos de parede e por poñelos, con precisión de ourive, na hora exacta. Dous grandes Morez antigos situados nos extremos do corredor, idénticos, de esferas esmaltadas, decorativas agullas caladas, baixorrelevos en bronce dourado ao mercurio e un péndulo de varas rematado nunha lira. O renxer dos engrenaxes e o retroso das compasadas badaladas, coma un eco fantasmal a bater polas paredes de aparelhada cantería, acababa por se introducir nos ouvidos nunca afeitos dos Oliveira, atordándolles os soños.

Era ter un batán dentro da casa. Vivir nun campanario. Noventa pancadas cada un, no altor da noite. A cachón. Unha tras doutra. Se os Morez adiantaban como porfiaba ela, había ser un nada que ninguén apercibía. Pero Aurora si. Vaites se non os apercibía. «Ben que ti non os oes?» «E, claro que non, avoa. Nin eu nin ninguén. Por que non os deixas estar como están?» Ían e viñan as mans, hortensias azuídas entre

os pregos da noite, a voltear agullas, pondo relló nas complicadas maquinarias. Para empezar, sempre a sacudida das tres e media, e decontado, as das catro, unha media e cinco máis, outra media e seis, outra e sete... Ata regresar, coma nunha circunnavegación estrondosa polas esferas brancas do tempo, ao punto de partida. Cando remataba con un empezaba co outro para ver de deixalos concertados. E así todas as noites dos últimos catro anos.

Sentados os dous na ampla cadeira de vimbios da galería, algunhas veces o coloquio nocturno viña ser, de certo, o máis proveitoso da monótona xornada que principiaba. As máis, era deixar que Aurora se estendera en delongados monólogos nos que el poñía cada cando un comentario que viñese ao caso para lle dar a entender que non perdía o fío dos seus falares. Fóra diso, tampouco ela pedía moito. Coñécese que no máis alá, os días, coma no máis acá, en pouco deben diferir uns dos outros e andan os mortos, coma os vivos, nun degoirar por que alguén os escoite para atenuar o decorrer das horas polos beirais esvaradíos dos reloxos nas frías madrugadas.

Canso de lidar na relojería a tarde da véspera con miudallos de rodas dentadas que facían xirar restras de rodas incontables, Uxío Oliveira deitárase cunha intensa dor de cabeza, fose quizais polo atreboado do día de estrañas nubes baixas e azulentas, estantías sobre os ceos de Moreira e por esta vez tiña mentes de non aturar máis sermóns en tempo pretérito.

—Seica non fas caso de me escoitares, ou é que me virei tamén invisible para ti?

Puido sentir como cada palabra se desprendía da súa lingua raspada con lixa no po áspero da morte e mentres o collía das mans e lle transmitía un quecer enfermizo que contrariaba a súa condición de falecida, a Uxío Oliveira pare-

ceulle apercibir na face lívida o rastro dunha tristura antiga de máis para ser deste mundo. Semellaba non lle quedar outra. A noite aparentaba vir retranqueira e fragosa. Pero non foi así. Cousa rara nela, nin sequera mentou o desaparecido Amaro, o tema no que viñan bater todas as conversas. Postos os reloxos xemelgos na hora xusta e na debida orde, desta vez xícaras, mancerinas e escudelas, Aurora fíxolle saber que asistía ao encontro cun propósito ben definido. E despregando palabras que traía meditadas, explicou, non sen certa énfase, que en cuestión de horas había chegar a Moreira Oriana Alfarat.

Aurora dos Santos non se entretivera en averiguar que secretas saudades ou que obrigas ineludibles traían a Oriana e a seu pai, Amir Alfarat, retornados a estas ribeiras verdes do pór do sol. Ninguén coñecía as razóns misteriosas polas que abandonaran a vila nove anos antes sen deixar rastro. Ela tampouco. Non vaiades pensar que os mortos, sobre os asuntos de a diario, veñan dispendo doutra información da que nós. De viva, tiña visto como Amir se achegaba algúns seráns a departir co seu home na horta mentres labraba as barcas. Na morte, daba en lembrar tardes coma aquelas, luminosas, debaixo dos grandes acios das glicinias, o olor da madeira desbastada, a conversa intranscendente no xardín. Polo visto no alén fábase pouco, porque se sobreentenden as cousas. O árabe era ben parecido, cun enorme bigote engomado de puntas reviradas que xa non se estilaba, cerimonioso nos xestos, aínda que de trato afable e cordial. Dunha vez que viñera coa filla, Amaro reparara devagar nos ollos da pequena. Prendían nun. Teñen algo, dixera, do dourado verdeal do orxo bravo que aínda medra nas searas de Moreira, para continuar coma se tal cousa —era hábito nel— puxando na garlopa, a

parolar de anxos e de mares violetas coma as borras do viño. Cousas súas. Das que ninguén se estrañaba. Dos Alfarat si que lembraba Aurora, coma todos os da vila que os coñeceran, que eran xente de ben e xenerosa, e con iso tiña abondo. Se lle falara dos ollos da rapaza era a ver se o neto se decidía. Uxío escoitábaa un pouco coma quen oe chover. Nin que non houberese mulleres en Moreira! Ademais, a esas horas daba todo por ben feito e non tiña gana de disputar sobre tan perentorias advertencias. Noites houbera de lle manifestar os mesmos propósitos casamenteiros aínda que sen lles pór nome coma agora, pero si a necesidade de ir mirando por muller de xeito, pois os días de pícaro pasaran. Xa logo, visto que Aurora ficara un longo anaco inmóbil, calada, a fitar cos ollos mortos un espazo impreciso, en terra de ninguén, máis alá dos cristais embazados da galería cara ao remate piramidal do hórreo, aproveitou el, tamén a medio camiño entre dous mundos, para ver de botar unha cabezada. Ningún pareceu escoitar os sons melancólicos dos Morez que desde os cabos do corredor, erre que erre, randeaban ao compás os seus péndulos regulados, seguindo o ritmo de metrónomos inaudibles. Rabos de besta a tornaren moscas que non hai, chamáralles dunha vez Amaro, farto dos continuos arranxos que xa de viva facía a súa dona neles. Claro que daquela podíaos facer polo día sen espertar a ninguén... Moito antes de que os primeiros raios do sol tépede de abril esvarasen sobre os tellados de Moreira, Aurora dos Santos recolleu a saia, sen se despedir, e camiñou orgullosa cara á morte.

Uxío volveu ao cuarto confuso. Cando menos pasáralle a dor que lle aguilloaba as sens, pero quedáralle unha bátega coa que non contaba a ecoar polos ocos pasadelos da memoria: Oriana. Deitado na cama tentou esquecerla. Cos

ollos abertos, contou ata sesenta, sesenta veces. Contas de reloxeiros. Escoitou o arfar desganado da curuxa pousada na nogueira. Xxxxiii. Xii. Despois, nin un rumor. Pensou se a noite non botaría de menos os cantos das aves e o seu espaxerarse polo ar e o silencio nocturno tróuxolle a acordanza daqueloutro silencio da neve, a primeira vez que a vira co avó nas terras altas de Buxán, peneirando as carrouchas farrapentas. Alpeirouse, foi e veu nos bicos dos pés espidos, afeitos ás táboas luídas de castañeiro do sollado. Renxeron gonzos e fallebas ao abrir de par en par a fiestra. Apertou as caravillas oxidadas e aspirou o arrecendo a laranxas. Un perfume distante, vagamente xeado, inundaba o aire. Oriana. O nome seguía aí, coma os nuboeiros azuis ancorados no ceo de Moreira.

A mañá do sábado, Uxío Oliveira ergueuse co corpo apadumado. Relembra confusamente a conversa recente coa avoa coma unha máis. Bocexou sen moito convencemento, deluvou dos ollos piscos lepias ambaradas, tirou de leontina para comprobar que as agullas do seu Omega de prata nielada marcasen a mesma hora que os dous Morez sincopados do corredor e saudou a súa nai envolta na luz de invernáculo da galería de azulexos, ocupada na rega das begonias. As rosadas *Glorie de Lorraine*, as aveludadas imperiais de vetas esmeraldas, as infindas variedades da *Begonia Rex*, de xenerosas follas verdegais, prateadas ou purpúreas. Aurora gustaba de acariñalas coas mans mortas. No máis alá, polo que lle refería, tamén había flores. Eran de variadas tonalidades azuis, un arco da vella delas, pero todas de cinza, tan fráxiles que se esfrangullaban ao tocárenas ou tan só con pensaren nelas, velái que os defuntos as agradecesen tanto. O pai erguérase cando el agarraba á fin no sono e naquel intre chantaba sollas

coa francada. Lúas espiñentas que baixaran a se pousar nos olladais arentos da baía. A irmá pequena, sentada á mesa da cociña, desfacía grumos de cacao, estarricando as pernas a ver se lle tiñan medrado algo pola noite e remataban de lle chegar ao chan. E inmediatamente escomenzaba un ritual que se repetía cada mañá. Helena Oliveira tomaba unha laranxa do garabelo e paraba a mirar como caían sobre a brancura inmaculada do prato na forma de delgadas espirais as tonas que ía espelizando co coitelo, coidadosamente, para non crebaren, arremedando aperucados remuíños e serpentíns, ou mínimas galaxias de satinados brazos, en perfecta orde, como non se podía esperar menos da última descendente dunha estirpe de reloxeiros. Uxío ollábaa sorrindo. Polo seu sétimo aniversario agasalláara cun reloxo moi feito, imitante a unha fatía de laranxa cortada pola metade, con doce gallos de polpa vidrada que facían as veces de divisións horarias. Deica o momento, á máis nova dos Oliveira nada lle dixeran das aparicións nocturnas de Aurora. Se preguntaba quen zarzallaba pola noite na galería, esclarecía a nai decontado: «Era o teu irmán que non lle daba vido o sono.» De indagar verbo dos paradoxos cotiáns dos dous reloxos, sobre as cento oitenta badaladas que retumbaban na noite coma matrículas do inferno ou sobre a súa perfecta e orquestrada sincronización, da que as visitas sorprendidas comentaban, o pai engurraba a fronte e encollíase de ombreiros. Se quería saber de que morrera a avoa, pai e nai contestaban a coro, coma os mecanismos concordados dos Morez, ollándose: «Morreu en lle chegando o seu tempo, non sabes?» Ela quedaba pensativa, dubidante se sabía ou non, e que tempo había ser ese de chegar. Coma se pasasen bandadas de paxaros cincenos polo fondo dos seus ollos garzos.

Ben sabía que a culpa non era da cor senón do testaláns que eran os dous, e aínda así, cada vez que baixaba ao xardín, Uxío non podía deixar de ollar con xenreira aquel azul aceso do penal da casa, un índigo violento de mares avoltos que provocara a sonada disputa entre a súa avoa e o seu avó, Amaro Oliveira, por mor da que tardaron medio ano en se falaren. Dunha vez ata pintara o cantacucos do hórreo. A quen se lle ocorría esborranchar a única fachada caleada da vivenda de pedra con aquela cor rechamante e paxareira, eléctrica, que relucía ao lonxe e facía rinchar os dentes, agoirando marusías no seo familiar. Xustificábase el dicindo que a casa dun mariñeiro debía ostentar impresa en lugar visible a pegada do océano. E xa estaba. Se a el escollera, escolleita estaba. Repintado que fora o último recuncho coas brochadas azuis da desavinza, deixaron de se falar. De primeiras, tendo en conta a pouca monta da porfía, semellaba que as caras longas, coma sempre, non ían durar máis alá de un ou dous días, ata que chegou un punto en que tan só mantiñan o troco de monosílabos indispensable para poder realizaren as tarefas cotiás.

—Ti o que queres é que che dean corda, coma aos teus reloxos. Pois non! Cando San Xoán baixe o dedo.

Foi a frase máis longa que saíu dos labios de Amaro, á que Aurora retrucou cun lacónico e definitivo «Ai, si?...» E como non hai peor cuña que a do mesmo pau, así seguiu a cousa, malia algún intento infrutuoso de intercesión por parte da familia. Os días na mesma casa da parede azulísima e as noites na mesma cama de ferro forxado, decorada con follas de vide festonadas e enroscados pámpanos que vira nacer e morrer varias xeracións dos Oliveira, fóronse convertendo en eternidades sen palabras coa sombra do amor tentando

aboiar sen conseguilo nun mar tenso e represado de obstinados silencios azuis.

Era pór pé nun barco e sentir que o mundo se viña abaixo coma unha valada de achas. Amaro Oliveira, que soñara con navegar polos Mares do Sur nun gran pailebote branco e con perseguir baleas e narvais polas soidades árticas, padecía o mal de mar nunha das manifestacións máis severas que se coñecían. Tanto, que o incapacitaba por completo para saír a navegar. Tras múltiples singraduras frustradas e unha vez que aceptou que a súa vida habería por forza de transcorrer a pé enxoito, non deixara de construír co paso dos anos dornas, buquetas, botes, gamelas..., embarcacións de todos os feitíos imaxinables. Conque así, a casa grande dos Oliveira para a que Aurora veu cando casou con el, foi paulatinamente vendo como o amplo horto murado, de recortadas sebes, macizos de roseiras e parterres xeométricos dos primeiros anos do matrimonio, se ía transformando nun cemiterio de exóticos navíos naufragados no tempo e nos delirios dun mariñeiro sen mar. Ben que o azul fose de veras estridente, para Amaro renegar del era rexeitar os seus soños e esperanzas. Para Aurora dos Santos a aceptación de semellante cor ademais dunha falta acusada á coordenada decoración da casa significaba a asunción definitiva dos desvaríos marítimos do seu home e a burla segura das comadres rumorosas de Moreira.

Despois de tantas noites de lombos enfrontados, separados por cordais brancos de sabas montesías e doutra barca case rematada no xardín, sen saber como nin como non, houbo un día no que acordaron esquecer azuis e murmurações que empezaban a se propalar polos rueiros, decididos a recuperar os seis meses perdidos. E alá se encamiñaron, comados namorados novos, cara aos campos dos altos xirasoles

brancos que bordean Moreira pola banda do leste. Xa bailara o sol no horizonte. Arrecendían a herbas apañadas as cortiñas. Era noite de San Xoán e ardían as primeiras cacharelas pero eles non as viron, atarefados como estaban no crepitar das outras fogueiras, temperadas, dos amores tardegos. Habían de lle quedar gravados para sempre na memoria a Aurora os grandes círculos negros de borralla aínda fumegantes na mañá, cal na cinza das grandes estivadas, pantagruélicos restos do banquete solar cos que se ía atopando namentres regresaba desolada sen Amaro, que desapareceu sen máis, ía para sete anos, coas charamuscas daquel solsticio de reconciliación e de desgraza arremuiñadas polo vento nocturnal.

Sempre houbo nestas terras tecelás fiando soños. Antes do que a seda foran os campos inmensos do liño azul polo medio dos que furaba coma unha toupa cega o Río Vello e antes aínda, o xunco para as capas e corozas das alagadas Brañas de Laíño, unha legua río arriba, onde o leito se estreita ronceando entre canivelas e espadanas e se erguen os pardiñeiros esboroados das Torres das Xunqueiras. Pero esas son outras historias que veremos ou non veremos. Agora había cincuenta anos que non se coidaban as moreiras que alimentaban coas súas grandes follas os vermes da seda e que lle acabaron dando nome á vila. Este de agora. Porque moito antes sabemos que atendía por O laranxal, segundo consta e coma tal figura nos vellos códices e tomos. Malia xa non quedaren laranxeiras, de primeiras o que notan os que chegan a Moreira é un frescor polas rúas, unha fragancia cítrica da que todos preguntan, ventando a ver de onde sexa que o olor veña. Non o sabe ninguén. Os de aquí están avezados a convivir con el, coma quen non se estraña de ver nubes no ceo ou de que a auga do mar sexa salgada. Moreiras si que

quedan, alá nalgúns recantos da Fraga dos Petos Verdeais, árbores centenarias nas que abrollan, puntuais na primavera, os fermosos acios morados, cercadas hoxe en día pola vexetación orixinaria que medra nos outros lugares da gran fraga. Carballos e castiñeiros recuperaron o territorio, ao principio timidamente, na forma de renovos e tropezas e á fin como especies de gran porte que son, ocupando o seu espazo natural a carón de espiños, érbedos, acivros e sanguíños. Arredor das moreiras xirou a próspera economía da vila ao longo de case un século. Mesmo houbera unha real orde que obrigaba as autoridades locais a mercar plantóns para a cría dos bichocos. A poboación chegou a se labrar un nome no difícil mercado da sericultura e os tecidos tiñan merecida sona polas calidades do seu lustre e polos reflexos tornasolados dunha fineza non igualada. Como quer que as eirugas da seda seica xurdiron do corpo putrefacto de Xob, Valerio Pinto, o que fora o derradeiro alcalde de Moreira, sobre o balcón semicircular do concello na Praza dos Pradairos, mandou insculpir un escudo de pedra para a vila co patriarca bíblico reclinado no tronco dunha espléndida moreira de gran copa, coma se ficase durmindo placidamente á súa sombra e os filamentos sedosos que del saen estivesen elaborados coa propia substancia dos seus soños.

Entre touzas de carballos, moreiras e espiños albares, na mesta Fraga dos Petos Verdeais buscouse a Amaro, no mar infindo de xirasoles sempre brancos coma fariña candial, pois nin os máis vellos lembraban velos murchos, nos petoutos esgrevios dos Outeiros do Aire, nas tremas das brañas e xunqueiras, nas gándaras nordesías das terras altas de Buxán, nas insuas do Río Vello e nos areais vagantíos. O cego de Bustelo deu en rinchar a historia coa zanfona polas

feiras. Pola súa intención díxose un novenario na igrexa de San Xiao e pregouse nos fogares a oración do Santo Antón para achar cousas perdidas: «Se buscas milagres mira...» Miraron por el nos días daquel longo verán polos alfoces e demandaron noticia nas aldeas distantes co derradeiro renxer nas corredeiras das carradas cos froitos de ouro do outono, pero Amaro desaparecera deste mundo igual que esvaeceran da memoria as laranxeiras, coma se o engulise a terra negra e lenturenta de Moreira.